

## 5. A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869.

Esta composición está baseada na realizada por Paula Méndez Chacón.

Os seguintes documentos permítennos elaborar unha composición de texto histórico sobre a Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869 que inician o Sexenio democrático (1868-1874).

En 1856 O'Donnell alíase con Narváez e realizan un pronunciamento contra Espartero. Comeza o período moderado (1856-1868), onde o goberno esta liderado polos moderados e a Unión liberal e non permiten aos progresistas participar no goberno. En 1866 os demócratas, republicanos (forzas baseadas no liberalismo democrático que xorden durante o bienio progresista de O'Donnell) e progresistas asinan o Pacto de Ostende. Neste decláranse en contra de Isabel II. En 1868 O'Donnell e Narváez morren e Serrano convértese no líder da Unión liberal. Este únese ao pacto e proclaman a Revolución Gloriosa nomeada así en homenaxe a revolución inglesa de 1688 na que naceu o parlamentarismo.

A Gloriosa é unha revolución baseada no establecemento de xuntas revolucionarias inspiradas no liberalismo democrático que comeza en Cádiz. Os líderes son Serrano, Prim (progresista) e Topete. As tropas isabelinas son derrotadas en Puente de Alcolea e Isabel exíliase a Francia. Isto abrirá a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios democráticos e nos intereses das clases medias.

Fórmase un goberno provisional presidido por Serrano, composto por unionistas e progresistas e co apoio dos demócratas. Promúlgase a lei electoral de sufraxio universal masculino de 1868 e convócanse eleccións a Cortes constituíntes. O resultado é a primeira Constitución democrática da historia de España, a Constitución de 1869. Esta, comeza pola parte dogmática, característica do liberalismo democrático. Establece a soberanía popular a través do sufraxio universal masculino e unha gran amplitude de dereitos. Entre estes destacan o dereito á privacidade, a voto, o único pago de impostos sería o gubernamental e o obrigación a que as detencións sexan xustificadas. Pero o artigo máis importante é o 17, que establece a liberdade de expresión e por primeira vez a liberdade de asociación. Esta medida abre as portas á penetración do marxismo e anarquismo da AIT en España. Porén, esta Constitución aínda conserva certos elementos propios do liberalismo doutrinario. España continúa sendo un estado confesional, aínda que se permite a liberdade de cultos. A nivel orgánico, o rei posúe o poder executivo e as Cortes o lexislativo. Estas eran bicamerais (liberalismo doutrinario), divididas en Senado e Congreso.

Trala promulgación da Constitución, Serrano foi nomeado rexente mentres se buscaba un novo rei para España. Había varios candidatos para o posto. Os carlistas queren a Carlos, polo que se produce a terceira guerra carlista. En cambio, os moderados piden a Alfonso, fillo de Isabel e os republicanos queren a abolición desta posición. Prim propón a Amadeo de Savoia, fillo de Vitor Manuel II, rei italiano e escrupuloso observante da constitución italiana. Desta maneira Prim considera que a súa elección grante a seguridade da democracia, pois Amadeo fora instruído neste ámbito. Ademais respondía á propia lei sálica, que establecía que no caso de non haber sucesores da casa dos Borbóns se acudiría a casa de Savoia.

O reinado de Amadeo I abrangue do ano 1870 ao 1873. O monarca tiña pouco apoio en España, pola súa condición de estranxeiro e polo rexeitamento polas forzas políticas contrarias e o propio pobo. O pobo inventou numerosos alcumes, como o de Don Macarrone I ou Don Melone I. A morte de Prim, deixouno sen o seu principal valedor. Ademais a situación en España era de extrema inestabilidade, e tivo que facer fronte a numerosos problemas. Por unha parte está a Guerra de Cuba, que as leves reformas adoptadas non son capaces de solucionar e a guerra se agrava. Na

## 5. A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869.

Esta composición está baseada na realizada por Paula Méndez Chacón.

península continúa a terceira guerra carlista, que tivo un gran apoio popular nalgúns rexións. Finalmente, a ruptura da coalición gobernamental, formada por unionistas, progresistas e demócratas, provocan un continuado bloqueo parlamentario. A raíz de todos estes conflitos, Amadeo I abdica en 1873, declarando o país como ingobernable.

Mentres, grazas ó artigo 17 da Constitución de 1869, créase en España a Federación Rexional Española da Asociación Internacional traballadora (FRE da AIT). Esta é a primeira representante importante do movemento obreiro español. A penetración do anarquismo ven da man de Fannelli e a do comunismo grazas a Lafargue. Isto provoca un sentimento de medo na burguesía, que ven esta organización como unha ameaza para os seus intereses.

Trala abdicación de Amadeo declárase a Primeira República (1873-1874). Debido á división en canto á organización política da república, dentro do partido xorden diferentes correntes. Os unitarios defenden a creación dun Estado centralizado, seguindo as ideas do liberalismo doutrinario. Pola outra parte, os federais buscaban a creación dun estado descentralizado, con maior autonomía política. Á súa vez, os federais dividíanse en gradualistas (división parecida ás comunidades autónomas actuais, seguindo o ideario do liberalismo democrático) e os intransixentes ou cantonalistas (querían unha división en cantóns, apoiado sobre todo polo movemento obreiro). Finalmente, se establece unha república federal gradualista con Pi i Margall como líder. Debido a esta división interna e conflitos exteriores hai unha gran inestabilidade no goberno. Trala dimisión de Pi i Margall, Nicolás Salmeron sucédelle que tamén acaba dimitindo para cederlle o posto a Emilio Castelar. O fin da República prodúcese polo pronunciamento de Pavía, que volve a establecer un goberno provisional de Serrano.

En Galicia, a partir de 1869 tiveron lugar numerosas insurreccións contra a monarquía. A represión que seguiu a estes asctos limitou a acción dos republicanos galegos.

En conclusión, asistimos durante esta época ao primeiro réxime democrático de España e a penetración do movemento obreiro en España, grazas ó artigo 17 da Constitución do 1869. Todo isto non durará debido a inestabilidade do periodo e a reacción oligárquica da Restauración borbónica.